

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE XANEIRO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día quince de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbanse as actas da Xunta de Goberno Local, correspondentes á sesión extraordinaria e á sesión extraordinaria e urxente celebradas os días 30 e 31 de decembro de 2013, respectivamente, e ás sesións ordinarias celebradas os días 2 e 8 de xaneiro de 2014.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión de licenza para modificación de edificio para centro comercial con licenza número 1290/2007, sito na rúa Orquídea, Sector Norte H, fase 1.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto na contratación de subministración de emulsión bituminosa para o mantemento de toda a rede de camiños municipais mediante acordo marco con procedemento aberto 2014 e a apertura do procedemento de contratación.

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	16/01/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	RTvUAZEkv4/6SK6ui803Tg==	PÁGINA 1/1

